

# CLAN SALVAXE

[Jean-Charles Hue, 2014]

# 09

ESTREA EN NUMAX: 17.04.2015 | v.o.s.e.

## FICHA TÉCNICA

Mange tes morts (2014, 94')

**Dirección:** Jean-Charles Hue

**Guión:** Jean-Charles Hue e Salvatore Lista

**Axudante de dirección:** Adrien Pescayre

**Imaxe:** Jonathan Ricquebourg

**Montaxe:** Isabelle Proust

**Son:** Antoine Bailly

**Dirección de arte:** Christophe Simonnet

**Vestuario:** Rossano Marchi

**Reparto:** Frédéric Dorkel (Fred Dorkel), Jason François (Jason Dorkel), Mickaël Dauber (Mickaël Dorkel), Moïse Dorkel (Moïse Dorkel), Philippe Martin (Tintin), Christian Milia-Darmezín (Boniface).

Música: Vincent-Marie Bouvot

**Produción:** Capricci Production (Francia)

**Data da estrea en España:** 17 de abril de 2015

**Distribución:** Capricci Cine

**Formato de proxección:** DCP 2K, 2.39:1

## FILMOGRAFÍA ESCOLLIDA

*Clan salvaxe (Mange tes morts)*, 2014

*La BM du seigneur*, 2010

*Carne Viva*, 2010

*Y'a plus d'os*, 2010 (curta)

*L'oeil de Fred*, 2007 (curta)

*Pitbull Carnaval*, 2006 (curta)

## SOBRE O DIRECTOR

Jean-Charles Hue é un cineasta francés nacido en 1968. Desde 2003 filma as aventuras dos Dorkel, unha familia ambulante de ieniches do norte de Francia. A súa primeira longa, *Carne Viva*, explora a mitoloxía urbana de Tijuana. En 2010 filma a súa primeira ficción, *La BM du Seigneur*, entre o polar e o western xitano.

## SINOPSE

Jason Dorkel, 18 anos, é vendedor ambulante. Está para se bautizar cando o seu medio irmao Fred sae da cadea após unha longa condena. Xuntos, canda o outro irmao Mickaël, violento e arroutado, os tres Dorkel saen dar unha volta ao mundo dos payos perseguir un cargamento de cobre.

«Os meus personaxes existen con moita intensidade. Pero fílmooos cunha luz máxica, que non existe, ou mellor: que non é tan doado atopar na vida»

Jean-Charles Hue,  
ENTREVISTA EN LIBÉRATION



# CLAN SALVAXE

[Jean-Charles Hue, 2014]

*Clan salvaxe* é un filme xenial, que traza o mapa e o traxecto a un tempo, que nos lanza a toda velocidade despregando ante nós un mundo completamente orixinal.

Pode ser un western, un filme de acción, de gangsters, mais para cowboys non solitarios, homes que dubidan, crime desorganizado. A fotografía de Jonathan Ricquebourg reinventa *Centauros do deserto* (The Searchers) con fasquía turbia, desnortada, nimbada de tubos de escape e luces longas, e procura a luz entre a néboa das últimas fábricas. Jean-Charles Hue pasou moitos anos coa xente que filma, colegas, irmaos, e é xa se cadra este medio payo arremuíñado nunha violenta carreira cara á lucidez.

Luc Chessel,  
*Les Inrockuptibles*, setembro 2014

## Entrevista con Jean-Charles Hue

### Que particularidades ten a comunidade ieniche no mundo xitano?

Ao contrario que os xitanos e ciganos que veñen da India, os ieniche veñen do centro de Europa, nomeadamente de Alemaña, como o proban moitas palabras do seu vocabulario. Algúns din que descendem dos Celtas. Coma os ciganos, puxéronse a camiñar en perdendo os seus medios de subsistencia. De facérmolles caso ao significado da palabra «ieniche», que en francés significa *coquillard*<sup>1</sup>, nalgún momento tivéronselles que xuntar algúns bandidos. É unha comunidade que chegou a Francia na Idade Media (...) Non sempre ciganos e ieniches se levaron precisamente ben. Eu interpreto que estas rivalidades veñen de vello e teñen a súa orixe na discriminación da cultura ieniche polo seu pouco hábito musical. A fermosa silueta da xitana que danza ao son dos violíns deulle aos ciganos unha aura eterna. Os ieniche sempre levaron canda si máis medo ca admiración. A ollos dos ciganos son xente teimuda e perigosa que se tatúa a si propia con carbón e augardente. A súa porfía e forza física sempre foi lexendaria.

### Que implica filmar con nómades?

O filme estivo a piques de se vir abaixo moitas veces, porque como actores non son sumisos e xúntalle a isto a persecucións á carreira e as pelexas. Antes de cada escena apartábaos un momento para lles explicar a importancia da secuencia, quen debía tomar a palabra, quen debía retirarse un pouco e lerlles os seus retruques, que decote inventaban. O que me interesa e que a ficción e a realidade se mesturen: como nas primeiras fotos de Larry Clark ou no seu primeiro filme, *Kids*. Tanto ten se é un documental ou unha ficción, o que importa é dar co equilibrio entre o que queremos contar e como o facemos, empregando os códigos desa comunidade. Para eles o máis importante é seren críbeis, que as situacións teñan unha coherencia psicolóxica e que as escenas de acción non lles causen vergoña, a eles que naceron cun volante entre as mans. Por exemplo, cando o pequeno Jason se lle bota ao irmao porque foi e matou un *payo*, revirábase: «Non me vou nin sulfurar nin xurar contra a miña propia familia por un *payo*!».

[1] Caloteiros que na época medieval se facían pasar por peregrinos a Compostela para vender as cunchas de vieira que trouxeran de recordo da súa visita á tumba do apóstol (N. do T.)

Declaracións recollidas en París en abril de 2014, tiradas do dossier de prensa orixinal de Capricci, accesíbel desde [www.capricci.fr](http://www.capricci.fr) (tradución do francés de Ramiro Ledo Cordeiro).

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)